



**Arquitectos  
Sen Fronteiras**

## **Documentación complementaria ao Manifesto sobre o poboado das Rañas**

A Coruña, 18 de outubro de 2010

Arquitectos Sen Fronteiras  
Demarcación Galicia  
Grupo de Cooperación Local

A información que a continuación se recolle pretende servir como documentación que complementa ao Manifesto no que :

“A Asociación de Cooperación para o Desenvolvemento *Arquitectos Sen Fronteiras* (ASF- Galicia) e o conxunto de familias Gabarri Borja, residente nas Rañas, apoiados pola Red Europea de Lucha contra la Pobreza en España (EAPN-ES) e a poboación residente nos asentamentos chabolistas de Penamoa e O Pasaxe e nos barracóns municipais e chabolas do Portiño, únense para MANIFESTAR que as medidas de erradicación do chabolismo levadas a cabo polo Concello da Coruña son insuficientes, descoordinadas e ineficaces e, lonxe de acadar a pretendida inclusión social da poboación chabolista, están vulnerando os seus dereitos fundamentais.”

## Índice

---

1. Introducción
2. Contexto xeral
  - 2.1. Marco xeográfico e social
  - 2.2. Marco urbanístico
  - 2.3. Planta xeral do asentamento
3. Plan de Erradicación do Chabolismo do Concello da Coruña nas Rañas
  - 3.1. Antecedentes do Proxecto Municipal para As Rañas
  - 3.2. Presentación do Proxecto Municipal
4. Conclusións de Arquitectos Sen Fronteiras - Galicia  
Problemática detectada no desenvolvemento do Plan de Erradicación do Chabolismo do Concello de A Coruña nas Rañas
5. Anexos
  - 5.1. Proxectos de Habitabilidade Básica desenvolvidos por ASF - Galicia
  - 5.2. Información pública respecto do Proxecto Municipal para As Rañas
  - 5.3. Imaxes do poboado

## **1. Introducción**

Arquitectos Sin Fronteras (ASF-E) traballa, dende o ano 1992, na defensa do dereito a un hábitat digno en países empobrecidos de América Latina, África e Asia, mellorando, xunto coas entidades locais, as condicións de habitabilidade da poboación desfavorecida (cooperación internacional).

Porén, en determinados puntos da xeografía española, ASF-E tamén traballa en temas relacionados cos problemas de habitabilidade máis próximos (cooperación local).

No marco das actividades de loita contra o chabolismo, o grupo de cooperación local de ASF-E Galicia traballou xunto coa poboación do asentamento xitano de As Rañas para identificar os problemas que máis afectan aos seus poboadores e poboadoras.

## 2. Contexto Xeral

### 2.1. Marco xeográfico e social

O poboado de As Rañas orixínase no ano 1986 co desaloxo das familias da zona da Cubela, xunto á actual estación de autobuses, con motivo da construción dunha grande superficie comercial. Por mor deste desaloxo o matrimonio Gabarri-Borja decide mercar e asentarse nunha leira na periferia do núcleo rural de As Rañas, ao oeste do núcleo rural de Martinete e do polígono industrial de Pocomaco.



Sínalase cun círculo vermello no plano a situación do asentamento de As Rañas.

Ao lugar accédese pola estrada que partindo do Birloque sae cara a Pocomaco. A finca atópase nunha zona de recheo, no lugar dunha antiga canteira, xusto á marxe noroeste da vía férrea do AVE e ao sur do trazado da Terceira Rolda. A finca protéxese a poñente polo monte das Rañas, chamado a converterse na futura Cidade da Tecnoloxía.

O poboado está formado por 84 persoas distribuídas en 21 núcleos familiares, todas elas son descendentes da matriarca, María Borja Gabarri. En As Rañas a integración social é forte, e aínda que o nivel educativo das familias é baixo, cunha porcentaxe significativa de adultos sen alfabetizar, todos os nenos desta comunidade están escolarizados no colexio Manuel Murguía. As actividades laborais dos poboadores son principalmente a venda ambulante e a compravenda de chatarra.

### 2.2. Marco urbanístico


De acordo ao PXOM 1998 (BOP 14/11/1998):  
CLASIFICACIÓN DO SOLO: S.R. SOLO RÚSTICO

De acordo ao Documento aprobado inicialmente polo pleno extraordinario do 1 de decembro de 2009 que se somete a información pública para a presentación de alegacións:

CLASIFICACIÓN DO SOLO: S.R.E.P\_b SOLO RÚSTICO  
ESPECIALMENTE PROTEXIDO: Solo rústico de protección de Infraestruturas.

O poboado está afectado pola construción da 3ª Rolda e o trazado do AVE. Ademais existe un Convenio Urbanístico de planeamento para a ordenación e execución dun sector de solo urbanizable delimitado para a creación da Cidade da Tecnoloxía e Parque Alto en terreos limítrofes ao asentamento. Esta actuación leva planes de melloras dos accesos tanto a este sector de As Rañas como ao futuro enlace da 3ª Rolda co polígono de Vío.


Esta intervención prevista no plan illaría o asentamento invadíndoo ou rodeándoo dun armazón de infraestruturas.



01. As Rañas
02. Universidade
03. Polígono de Pocomaco
04. Canteira
05. Trazado do A.V.E.
06. Terceira rolda

### 2.3. Planta xeral do asentamento

Plano que mostra a implantación das vivendas do asentamento na parcela e os límites da mesma.



### **3. Plan de Erradicación do Chabolismo (P.E.CH.) do Concello da Coruña para As Rañas.**

#### **3.1. Antecedentes do Proxecto Municipal para As Rañas**

Dende a chegada da familia Gabarri Borja ao poboado no ano 1987, orixe do asentamento, e ata a presentación do Proxecto de Rehabilitación para As Rañas no ano 2007, os antecedentes da intervención municipal no ámbito da habitabilidade son:

- No ano 1987, realizouse a conexión de acometida para o trazado da instalación de abastecemento de auga no poboado e posteriormente a execución dunha rede xeral de saneamento de augas negras distribuída por todo o asentamento con catro arquetas xerais.
  
- No ano 2006, procedeuse á firma dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo, o Concello de A Coruña e os Propietarios do núcleo Chabolista de As Rañas para a rehabilitación e adecuación destas vivendas. Despois da devandita firma non se chegou a concretar ningunha actuación relativa a este Convenio.
  
- En setembro de 2007 o Concello de A Coruña encarga ao arquitecto sevillano Santiago Cirugeda a elaboración do Proxecto de Rehabilitación do asentamento de As Rañas, enmarcado dentro do programa de Erradicación do Chabolismo da cidade.

### **3.2. Presentación do Proxecto Municipal** (Ver Anexo 5.2)

A finais do mes de setembro de 2007, o Concello da Coruña presenta na súa páxina web e ante os medios de comunicación o proxecto de rehabilitación para o asentamento de As Rañas, encargado ao arquitecto sevillano Santiago Cirugeda, dentro do Programa de Erradicación do Chabolismo da cidade.

#### Extracto da noticia da Páxina Web do Concello da Coruña

(Data: 18/10/2007):

*El alcalde presenta el proyecto de rehabilitación de As Rañas como ejemplo del compromiso con la vivienda y el empleo.*

*El alcalde, Javier Losada, ha presentado en María Pita el proyecto de rehabilitación de As Rañas como ejemplo del compromiso con la vivienda y el empleo, toda vez que esta actuación permitirá recuperar y acondicionar las 19 infraviviendas del barrio, así como formar a los vecinos, que participarán en la autoconstrucción, lo que les permitirá acceder al mercado laboral.*

*Javier Losada ha destacado la labor del gobierno municipal y especialmente de los técnicos de Servicios Sociales, que trabajan intensamente por la integración de los menos favorecidos.*

*En este sentido, ha puesto en valor este proyecto, dirigido por el arquitecto Santiago Cirugeda, especialista en intervenciones en espacios de difícil solución. Se contempla una inversión próxima a los 300.000 euros, un plazo de ejecución de un año y medio, y una intervención integral en las viviendas y en su entorno.*

(...)

*Las obras empiezan ya, la próxima semana, con la construcción de un muro de contención para resolver un problema de canalización de aguas pluviales y la limpieza y recuperación del entorno.*

#### **4. Conclusións xerais de ASF Galicia**

##### **Problemática detectada no desenvolvemento do Plan de Erradicación do Chabolismo (P.E.CH.) do concello de A Coruña para As Rañas**

Exponse a continuación unha serie de cuestións xerais en relación ás problemáticas detectadas no P.E.CH. do Concello da Coruña para As Rañas:

##### **4.1. Programa integral de inclusión social.**

##### **¿Estase levando a cabo un programa integral de inclusión social para As Rañas?**

Non se está levando a cabo un programa integral que aborde compoñentes de vivenda, educación, formación, emprego, políticas da saúde, actividades de sensibilización, inserción laboral, participación social, etc que entendemos fundamental nunha intervención destas características.

No caso do Proxecto Municipal para As Rañas, a intervención estase a realizar exclusivamente no ámbito da construción.

*[Dende a Concellería de Servizos Sociais do Concello da Coruña realízase un seguimento das familias das Rañas, en relación a cuestións xerais como a escolarización dos nenos, cobertura sanitaria, carnés de circulación, etc. pero entendemos non se está levando a cabo un programa de inclusión social]*

##### **4.2. Compromiso asinado.**

##### **¿Existe algún compromiso ou acordo asinado coas familias respecto ao Proxecto Municipal nas Rañas?**

As familias non posúen (nin asinaron) ningún documento sobre o compromiso por parte do Concello respecto ao Proxecto Municipal nas Rañas.

*[É o caso de 3 das vivendas do barrio, que o Concello derrubou ao redor de maio do 2008 (e que tardaron dous anos en ser restituídas), sen que os propietarios posúan (ou asinaran) ningún documento nin compromiso respecto diso por parte do Concello]*

##### **4.3. Información.**

##### **¿Presentouse ás familias algún tipo de documentación (descrición de actividades a realizar, prazos, orzamentos, etc. respecto ao Proxecto Municipal nas Rañas?**

A información que chegou ás familias foi a través de conversacións informais, individuais, con permanentes cambios de criterio e numerosas promesas incumpridas.



As familias non coñecen ningún documento que defina de que maneira vaia a levar a cabo devandito proxecto (fases, actividades, orzamento, cronograma, etc). Tan só posúe cada familia un plano coa futura distribución da súa vivenda.

O papel das familias no proceso é completamente residual.

*[Á súa vez, tanto as asociacións Sagrada Familia no seu momento, coma agora a Fundación Secretariado Xitano, desenvolven un labor de meros intermediarios en relación aos fondos municipais destinados ao financiamento do proxecto]*

#### **4.4. Planificación.**

**¿Cómo é posible que as obras se paralizaran ao redor dun ano, con tres vivendas a medio construír, tempo no que as familias continuaron vivindo nelas?**

**¿Cómo é posible que se derrubaran tres vivendas das Rañas e tardaran case 2 anos en restituílas?**

As intervencións nas vivendas que se levaron a cabo por parte do Concello foron intermitentes, descontinuas, cunha carencia total de organización e planificación necesarias.

Entendemos que esta situación é moi grave dadas as particulares características da intervención, xa que son vivendas habitadas por familias con escasos recursos e case todas elas con fillos pequenos.

#### **4.5. Realoxos.**

**¿As familias de As Rañas ás que se lles ofreceu realoxo provisional, puideron asumir as condicións de devandito realoxo?**

A case totalidade das familias de As Rañas ás que se lles ofreceu realoxo provisional non os aceptaron. Entendemos que a falta de documentación escrita, así como de información concreta relativa á planificación do proceso, influíu na familias á hora de tomar a decisión de non aceptar os realoxos. A súa vez entendemos que as condicións de realoxo plantexadas non se adaptaban ás condicións socioeconómicas das familias.

*[Isto supuxo que tres das familias continuaron habitando as vivendas o mesmo tempo que levaron a cabo as obras (durante ao redor de dous anos), e outras dúas familias permaneceron sen vivenda algunha dous anos, dende que foron demolidas as existentes e non se procedeu a instalar as casas prefabricadas]*

*[Tan só unha das familias á que se lle derrubou a vivenda puido asumir, non sen dificultade, as condicións de realoxo provisional expostas. E recentemente, outra familia que habitaba unha vivenda que foi precintada, tamén foi realoxada]*

#### **4.6. Criterios de priorización.**

##### **¿Informouse ás familias cales foron os criterios de priorización á hora de decidir a orde de intervención na rehabilitación das vivendas?**

As familias non foron consultadas á hora de decidir a orde en que se interviría nas vivendas do barrio, nin se lles informou dos criterios que tivo en conta o Concello á hora de priorizar unhas vivendas fronte ás outras.

Entendemos que non se atendeu ás situacións de maior gravidade.

*[Isto xerou un clima de tensión entre as familias do poboado, derivado á súa vez da existencia dunhas condicións tan precarias das vivendas que está a afectar gravemente á saúde e convivencia dos seus habitantes]*

#### **4.7. Contorna urbana.**

##### **¿Leváronse a cabo actividades relacionadas coa renovación da contorna urbana, dos espazos públicos, que figuraban como un dos obxectivos fundamentais do Proxecto Municipal?**

Non se realizaron labores de limpeza e recuperación da contorna, nin actividades relacionadas coa cultura da reciclaxe, etc. que son algúns dos obxectivos expostos no Proxecto Municipal, e entendemos paso previo fundamental antes de acometer as obras de rehabilitación das vivendas.

*[Os únicos labores de limpeza realizadas foron executadas por iniciativa e participación comunitaria]*

#### **4.8. Capacitación laboral.**

##### **¿Leváronse a cabo actividades de formación, capacitación laboral (dirixida a unha futura inserción laboral) dos habitantes de As Rañas, que figuraban nun dos obxectivos fundamentais do Proxecto Municipal?**

Non se levou a cabo ningún tipo de capacitación laboral, nin existiu participación das familias no proceso a través da autoconstrución das vivendas, que era un dos obxectivos principais expostos polo Concello.

Desde o comezo da intervención (outubro 2007), non se realizou actividade algunha asociada á formación (talleres, cursos, etc) dirixida á futura inserción laboral dos habitantes do barrio, que entendemos imprescindible nunha intervención destas características.

*[Os habitantes do asentamento elaboraron unha lista coas persoas con intención de capacitarse e traballar, na que se inscribiron corenta e dúas persoas, sen obter resposta algunha por parte do concello]*


#### 4.9. Futuro do asentamento.

#### ¿Cal vai ser a situación legal das vivendas das Rañas, unha vez finalicen as obras de rehabilitación do Proxecto Municipal?

\_ Dada a falta de información existente en relación ao Proxecto nas Rañas, descoñécese cal vai ser a situación legal na que se atoparán as vivendas, unha vez finalice o Proxecto Municipal.

*[Tendo en conta a clasificación do solo da parcela, así como as afeccións en relación a infraestruturas presentes e futuras que afecten ao barrio, permanece sen resolución de futuro os problemas das 21 familias que viven no poboado chabolista das Rañas]*

#### Plano xeral das intervencións



## **5. Anexos**

### **5.1. Proxectos de Habitabilidade Básica desenvolvidos por ASF - Galicia**

- 1\_ Centro de Dereitos Humanos en Jiquilisco - Usulután. El Salvador  
Decembro 95- Xullo 97  
Contraparte local: Centro para a promoción de los derechos humanos  
“Madelaine Lagadec”
  
- 2\_ Fogar de nenos da rúa en San José de Pinula. Guatemala  
Abril 98 - Novembro 99  
Contraparte local: Fundación para los niños de Guatemala  
(FUNDANIÑOS)
  
- 3\_ Proxecto de salubridade en Santa Inés. Retalhuleu. Guatemala  
Outubro 2000 - Outubro 2001  
Contraparte local: Coordinadora Nacional Indígena Campesina  
(CONIC)
  
- 4\_ Proxecto de Banco de Materiais no Viejo-Chimnandega. Nicaragua  
Xuño 2001- Marzo 2003  
Contraparte local: Fundación Nuestras Raíces (FNR)
  
- 5\_ Proxecto de Apoio á autoconstrución de vivendas en terras recuperadas pola comunidade indíxena Victorias III. Guatemala  
Novembro 2001- Novembro 2006  
Contraparte local: Coordinadora Nacional Indígena Campesina  
(CONIC)
  
- 6\_ Construción dun centro rural de atención ás comunidades indíxenas na aldea de Huentelonen, provincia de Arauco. Chile  
Decembro 2004-2007  
Contraparte local: Centros Culturales Mapuche
  
- 7\_ Mellora das condicións de habitabilidade básica no marco do programa OXLAJUIJ TZ'IKIN  
Programa para a implementación das infraestruturas básicas para o desenvolvemento da poboación maioritariamente rural e indíxena asentada na franxa costeira do departamento de Retalhuleu e Champerico. Guatemala  
Setembro 2008- en proceso  
Contraparte local: Asociación Indígena Agropecuaria Pro - Desarrollo Integral (ASIAPRIODI)

## 5.2. Información pública respecto do Proxecto Municipal para As Rañas

### Noticia da páxina web do concello, do 18 de outubro de 2007, en relación ao proxecto municipal para As Rañas



CASTELLANO GALEGO ENGLISH

**CIUDAD** Hemeroteca Resultado búsqueda

Jueves, 18/10/2007

El gobierno municipal financia la recuperación del barrio de Infraviviendas en cuyas obras participarán los propios vecinos para favorecer su formación

**El alcalde presenta el proyecto de rehabilitación de As Rañas como ejemplo del compromiso con la vivienda y el empleo**

El alcalde, Javier Losada, ha presentado en María Pita el proyecto de rehabilitación de As Rañas como ejemplo del compromiso con la vivienda y el empleo, toda vez que esta actuación permitirá recuperar y acondicionar las 19 infraviviendas del barrio, así como formar a los vecinos, que participarán en la autoconstrucción, lo que les permitirá acceder al mercado laboral.

IMPRIMIR ENVIAR LEER

Javier Losada ha destacado la labor del gobierno municipal y especialmente de los técnicos de Servicios Sociales, que trabajan intensamente por la integración de los menos favorecidos. En este sentido, ha puesto en valor este proyecto, dirigido por el arquitecto Santiago Cirugeda, especialista en intervenciones en espacios de difícil solución. Se contempla una inversión próxima a los 300.000 euros, un plazo de ejecución de un año y medio, y una intervención integral en las viviendas y en su entorno.



Imagen del barrio de As Rañas

Según ha explicado el arquitecto, se trata de mejorar un barrio, de rehabilitar las infraviviendas, urbanizar la zona y recuperar espacios para favorecer la convivencia. Es lo que ya se hace en otros barrios de la ciudad, apostando por la integración, como ha remarcado el alcalde.

Es un proyecto de rehabilitación integral del barrio de As Rañas, que incluye la urbanización de la zona y la recuperación de las viviendas (en total 19 viviendas) y sus condiciones de habitabilidad (humedades, ventilación...).

Además, se aprovecha para formar a los propietarios y garantizarles una capacitación laboral. Aprenden una profesión que ejercen en la rehabilitación de sus propias viviendas y que luego les permitirá integrarse en el mercado laboral, pues se les otorgarán diplomas.

"Cumplimos un doble objetivo, cumplimos un doble compromiso de mi gobierno: vivienda y empleo. Y lo hacemos con soluciones sencillas, y haciendo partícipes a los vecinos, porque son ellos al final los que van a vivir allí, los que van a disfrutar de sus espacios y la mejor forma es que se sientan protagonistas", ha señalado el alcalde durante la presentación a la que han asistido las concejalas de Servicios Sociales, Silvia Longueira, y Urbanismo, Mar Barcón, además del arquitecto.

Las obras empiezan ya, la próxima semana, con la construcción de un muro de contención para resolver un problema de canalización de aguas pluviales y la limpieza y recuperación del entorno.

#### Descargar documentos

[Sonido rueda de prensa presentación proyecto As Rañas](#)

### **5.3. Imaxes do poboado**



Foto 1– Vista do poboado, Agosto 2010.



Foto 2 – Vista do poboado, Febreiro 2009.



Foto 3 – Muro perimetral de contención, Agosto 2010.

A primeira das actuacións promovidas dende o concello, un muro de contención nun dos límites da parcela, iniciado a finais de 2007, aínda non foi rematado. Ademais, as armaduras do mesmo deixáronse ao aire sen ningún tipo de protección, o que supón un grave risco por punzonamento para os habitantes.



Foto 4 – Construción provisional construída polas familias como aloxamento temporal previsto durante o transcurso das obras no barrio, cuxa duración estimada inicialmente era duns 6 meses. Despois da demolición das 3 vivendas por parte de persoal contratado polo Concello, transcorreron mais de dous anos durante os que as familias continuaron sen vivenda.



Foto 5 – Vista das fachadas de dúas das vivendas do barrio. Febreiro 2009.  
Obsérvase cómo a vivenda da dereita (nº8) cúbrese superiormente por unha lona de plástico, que cubre o forxado de formigón da futura planta primeira. Os traballos por parte de persoal contratado polo Concello na vivenda paralizáronse a finais do ano 2007. Véxanse foto 6.



Foto 6 – Interno da vivenda nº8. Xuño 2010.  
A familia, con catro fillos pequenos continúa habitando a vivenda a medio construír desde que se paralizou a intervención municipal a finais do ano 2007, co oco da escaleira no teito aberto cara o exterior.





Fotos 7 e 8– Vivendas en planta baixa e alta, reconstruídas ao amparo do proxecto de erradicación do chabolismo para As Rañas promovido polo Concello da Coruña. Na fotografía de abaixo obsérvase o estado actual da escaleira de acceso ao primeiro andar, derrubada como consecuencia directa da calidade dos traballos de construción promovidos polo concello.



**Arquitectos sen fronteiras**

Enderezo:

Escola Técnica Superior de Arquitectura

Campus da Zapateira, s/n

15071 A Coruña

Teléfono: 981167000 (Ext. 5033)

Fax: 981167055

E-mail: [galicia@asfes.org](mailto:galicia@asfes.org)

Web: [www.asfes.org](http://www.asfes.org)